



TAXA POR OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO

Facendo uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o Concello de Mondariz Balneario establece a Taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública, á que se refire o artigo 20.3 e) e j), e artigo 24 da antedita Lei 3 9/88, que se rexerá pola presente ordenanza, establecida o abeiro do disposto no artigo 58 da devandita Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑÍBEL

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial da ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se procedeu sen a oportuna autorización.

ARTIGO 4.- RESPONSÁBEIS

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS



Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas co rango de lei, e nos tratados internacionais.

ARTIGO 6.- BASE IMPOÑÍBEL

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a que resulte da aplicación das tarifas contidas no artigo 8 en función do valor de mercado da utilización privativa ou o aproveitamento especial e vén determinada pola ocupación, pola natureza dos distintos aproveitamentos e, de ser o caso, pola categoría da vía pública.

ARTIGO 7.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO DA TAXA

1. O período impositivo coincidirá co ano natural. A esixibilidade da taxa comezará o primeiro día do ano, agás nos casos de alta ao longo do período impositivo xa que se producirá no momento da devandita alta.

2. As cantidades esixíbeis de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irredutíbeis polo período sinalado.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no presente artigo.

2. As tarifas serán as seguintes:

- a) Empresas explotadoras de servicios de subministro que resulten de interese xeral ou afecten a xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, polo conxunto dos distintos elementos das súas redes pagarán o 1,5 % dos seus ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente dño termo municipal. (Art.. 24.1 c) da Lei 30/1988)
- b) Guindastres: Por cada guindastre utilizado na construción con brazo ou pluma que ocupe no seu percorrido o voo da vía pública, pagarán ó ano 209,80 euros.



A contía da taxa que corresponde aboar aos guindastres por ocupación de voo é compatíbel coa que, de ser o caso, proceda por ter a súa base ou apoio na vía pública.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO .9.-

1. Os suxeitos pasivos están na obriga de presentar no modelo oficialmente aprobado polo Concello as oportunas declaracións de alta e baixa. Así mesmo estarán na obriga de presentaren as declaracións de modificación do número de elementos instalados.

2. As anteditas declaracións deberán ser presentadas:

- a) Nos casos de alta ou modificacións que implicaren un incremento dos elementos instalados, con carácter previo á súa instalación.
- b) Nos casos de baixa ou modificación que implicaren unha diminución dos elementos instalados, unha vez realizada a retirada dos mesmos.

3. A presentación fóra de prazo da declaración de baixa ou de modificación, cando esta supoña unha minoración da cota tributaria, obrigará ao suxeito pasivo a xuntar os elementos de proba suficientes a xuízo da Administración de que se produciu esta baixa ou minoración dos elementos tributarios, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das declaracións se puideren impoñer.

ARTIGO 10.-

1. A cobranza periódica da taxa realizarase mediante un padrón que, unha vez aprobado polo Concello, será exposto ao público durante o prazo dun mes, mediante anuncios inseridos no Boletín Oficial da Provincia e na prensa local.

2. As declaracións de alta presentadas, así como as de modificación que implicaren un incremento dos elementos instalados producirán unha liquidación que será notificada ao suxeito pasivo, onde se lle comunicarán os prazos e a forma de ingreso da mesma. Os suxeitos pasivos quedarán incorporados ao padrón do exercicio



seguinte polos elementos tributarios declarados.

3. As declaracións de baixa presentadas producirán a baixa no padrón do exercicio seguinte.

4. As declaracións de modificación que implicaren unha redución do número de elementos instalados producirán a incorporación no padrón do exercicio seguinte a aquel no que se efectúe a antedita declaración polos elementos declarados.

ARTIGO 11.-

En ningún caso a presentación das declaracións ou o pagamento da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Concello as distintas instalacións.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión de 5 de novembro de 2003 e entrará en vigor o día da súa publicación no BOP. Producirá efectos dende o día 1 de xaneiro de 2004 e estará en vigor ata a súa modificación ou derogación.

- Aprobado polo Pleno do Concello en sesión de 5 de novembro do 2003.
- Publicado no BOP nº 2 de 5 de xaneiro de 2004
- Aprobada a ultima modificación polo Pleno de 21 de outubro de 2008.
- Publicada no BOP nº 246, de 19 de decembro de 2008.